




O Brindo de ouro (I. A chamada do Brindo) Xesús Manuel Marcos

XERAIS





FICHA TÉCNICA

Título: *O Brindo de Ouro (I. A chamada do Brindo)*
Autor: Xesús Manuel Marcos
Editorial: Edicións Xerais de Galicia
Colección: Fóra de Xogo
Nº páxinas: 240
ISBN: 84-9782-206-4

2



O AUTOR


XESÚS MANUEL MARCOS

Naceu en Seoane do Courel no ano 1967. Estudou Dereito e, actualmente, traballa en Madrid na Administración de Xustiza.

Deuse a coñecer como narrador en 1994 ao acadar o Premio Modesto Rodríguez Figueiredo do Pedrón de Ouro co relato «Aliados solitarios». Obtivo, tamén, o Premio Manuel Murguía do Concello de Arteixo 1994 polo seus relatos «A cela de arame» e «Fuxidos», así como o Premio de Novela Curta do Concello de Marín en 1996 e o Premio de Narración Curta Ricardo Carvalho Calero convocado polo Concello de Ferrol polo libro de relatos *Terra queimada*.

Ademais, publicou a novela *En terra perigosa*.

As súas colaboracións xornalísticas están publicadas n' *O Correo Galego*, *La Voz de Galicia* e *El Progreso*.



O LIBRO

Selmo, o fillo do gardián da tribo dos arxinas, coñece a desfeita de Cido, a súa aldea, que foi incendiada polos seus inimigos, os valecos da tribo dos broncedos. Na súa fuxida, Selmo, acompañado de Lombán, o seu lobo albino, atopará a dous heroes, Toimil e Oulego, que o axudarán, xunto coa Valiña da Osa (unha xida, meiga protectora da aldea) a desvelar o misterio do Brindo de Ouro, ese corno máxico que os protexe porque lles proporciona a valentía que os fai invulnerables.

Novela de aventuras, épica e fantástica, que remite a un pasado mítico, onde o heroísmo e a maxia ocupan un lugar sobranceiro.

Un texto que crea un mundo autónomo, ao xeito de Tolkien, e conforma unha novela escrita coas pautas das obras de espada e bruxaría sobre o trasfondo da paisaxe e da toponimia das terras do Courel.


O Brindo de Ouro. I A chamada do Brindo resultou a obra gañadora do Premio Merlín no ano 2004.



TEMAS E VALORES

3

- As aventuras dun adolescente que se ve convertido en representante e responsable do seu pobo da noite para a mañá.
- Tempo mítico. Nunha época atemporal marcada polos mitos e as lendas, un pobo ha de defenderse dos depredadores.
- Heroísmo e sacrificio. Hai castes marcadas desde o principio pola responsabilidade que han de asumir e grazas a que os demais poderán vivir tranquilos. Iso é o que lle sucede aos gardiáns do Brindo, condenados á soidade.
- O Courel. A gran serra que define Galicia desde sempre como pano de fondo desta historia. Os topónimos a modo de sons que nos traen as lembranzas dos lugares coñecidos.
- Obra de espada e bruxaría. Bruxas e guerreiros son protagonistas desta historia na que o resto da sociedade asistirá á gran representación destes personaxes e será moitas veces vítima deles.



ACTIVIDADES

ANTES DA LECTURA:

- Co libro na man, en base ao título e á portada, podemos ir adiantando a temática do libro; o subtítulo achegaranos novas posibilidades de anticipación. Continuaremos lendo o texto que aparece na contraportada e, dese xeito, entraremos dentro dunha ambientación que non nos será allea, que nos lembrará outras lecturas e fará que acheguemos posibles historias.
- O feito de que o libro obtivese o Premio Merlín pode darnos pé para falar doutros libros que tamén o merecesen.
- Se non coñecemos o autor podemos buscar datos no apartado «O autor».
- O apartado «Últimos títulos da colección» achegaranos información acerca deses outros libros dos que podemos falar, se os temos lido, ou que poderemos animarnos a ler, se nos interesa o resumo que alí se presenta.
- Observemos a dedicatoria e tratemos de explicala.

AO LONGO DA LECTURA:

4

- Cada capítulo ten o seu título, pero nós podemos cambiarlo por outro que consideremos máis axeitado despois de rematar a súa lectura.
- Podemos encargarlle o resumo de cada un dos capítulos a dúas persoas, de tal maneira que un poida completar aquilo que se lle esqueza ao outro.
- Podemos distribuírnos en grupos que comezarán un traballo e que, posteriormente, pasarán a outro para que poida continualo, intercambiándose os temas, de maneira que todos terán que intervir, dalgún xeito, en cada un dos traballos:
 - Un equipo irá tomando notas sobre cada un dos personaxes de cara a realizar unha descrición e un posible retrato.
 - Outro equipo encargarse de ir elaborando un retrato robot de cada unha das tribos das que se fala (valecos, alobris, arxinas) e tamén as irá situando no espazo.
 - Un equipo anotará todos os topónimos que aparecen.
 - Outro equipo recollerá os recursos literarios que lle chamen a atención.
 - Un equipo elaborará un mapa onde ir colocando os territorios dos que se fala.
 - Outro equipo encargarse de recoller os nomes dos animais que aparecen na novela.
- A partir do seguinte fragmento escribiremos un relato: «Podemos estar toda a noite andando e non atopala, ou pode xurdir tras dunha reboleira de sotaque».
- Digamos todo o que nos suxire o nome de Abellonenia.
- No texto aparece citada a Devesa da Rogueira, un bosque do Courel do que o poeta Novoneyra escribiu «Eiquí sempre foi bosque». Leamos a este poeta para entender mellor a alma das terras nas que parece desenvolverse esta historia.


- Novoneyra foi chamado o poeta do Courel. A terra na que viven fai que os poetas sexan como son, pero tamén é certo que estes lles proporcionan unha dimensión poética ás terras. Reflexionemos sobre esta relación e relacionemos determinados escritores cos lugares nos que viviron.
- Contestemos: Que son as xidas? Cales coñecemos? En que consiste a maldición do Brindo? Que é a Pena das Xidas? Cal é a relación entre o gardián do Brindo e o valor dos arxinas? Quen vivía na fraga das Campuliñas? Que personaxe coñece a fala dos animais? Que tribo se viste con pel de xabaril? Que significado lle dan os arxinas a cuspir no chan? Quen forma o exército invasor? Onde nace o río Rugando? Quen son os xarias? Que significa «Bocanoite»? Por que senten que lles falta o aire na subida ao Sumedo? Como é o emblema dos Broncedos? Cando aparece citada no texto a Devesa da Rogueira? Que ríos nacen nesta Devesa? Quen esta prisioneira na Torre de Lamoco? Quen é Churiña? En que lugar se xuntaban as cidas? Que pasou nas Xestas Albas? Quen rilla raíces? Quen é Prógolo? Que sucede no teixo dos arxinas? Quen é Losío?
- Se tivéssemos que definir a Selmo, Toimil e Oulego polos pesares que cargan, vexamos que colocarlle a cada un deles: pesadelos, sufrimento ou soidade.
- Os arxinas teñen un oficio diferente segundo o lugar en que viven: Vilar, Ferramulín, Visonia, Cido ou Mogoxe. Poñámoslle a cada un deles o traballo que lle corresponde: ferreiros, ourives e traballadores do coiro, pastores, canteiros e cultivadores de liño, criadores de cabalos.
- A espada de Toimil chámase Xeva. Lembremos outras espadas famosas.
- Podemos convir en que algún dos personaxes ten mascota. Digamos cales son e con quen van.
- Recoller os nomes da flora que se dá no val das alvarizas.
- Lemos as cancións que cantan as fillas de Oribio e tentamos pórilles música.
- Na noite que comparten os tres amigos con Oribio e as súas fillas, observemos: quen canta?; quen conta historias de caza?; quen fala das pegadas dos diferentes animais?; quen conta os segredos das abellas?; quen recita poemas?
- Oribio dille a Selmo: «Todos levamos dentro unha escura e gran covardía e o xeito en que nos enfrontamos a esa escuridade, o xeito en que a superamos, é o que fai de nós o que somos». Expliquémolo.
- Resumamos a historia da Bruxa dos Broncedos.
- Hai unhas fervezas chamadas Fonteboa, Fontiña e Fontefermosa. Onde se atopan? Pensade noutros nomes axeitados para fontes.
- A modo de liña argumental, vaíamos realizando o percorrido dos protagonistas en base ao debuxo dun itinerario.
- Ao longo do texto podemos atoparnos cunha serie de lendas coma a do canto do Brelo ou a da Lucenza. Resumamos estas e busquemos outras.
- Pensemos se a historia da Lucenza non lembra a algunha outra.
- En relación á vida, nun momento determinado dise: «Contas a túa historia ou deixas que ela se vaia contando». Expliquemos isto.

- Como imaxinas que será un berro que fai que se atoben os animais nas súas covas?
 - Conta a historia de Sindrán, o ourive.
 - A Rodela fala en verso. Probemos a traballar en parella inventando un diálogo, entre os dous, en verso.
 - Cada un debe elixir o momento que quere representar por medio dunha ilustración.
 - Os presaxios teñen moita importancia nesta obra. Lembremos algún.
 - Probemos a inventar o pasado de Oulego.
 - Lembremos o pasado de Toimil.
 - Recollamos frases do texto que nos chamasen a atención e quixésemos recordar.
 - Sinalemos aquelas palabras de difícil significado e tentemos explicalas entre todos.
 - Selmo ten unhas prerrogativas por pertencer á caste dos gardiáns. Cales son?
 - Seara recibirá outro nome. Expliquémolo.
 - Quen é capaz de superar a proba da Rodela e como o fai.
 - A ambición de determinados personaxes provoca cambios profundos na historia. Lembrémolos.
 - Tamén nos sorprende a valentía e a capacidade de sacrificio doutros que non debemos esquecer. Falemos deles.
 - Escribamos todo o que nos suxiren estas frases: «Son valiosas, as xidas, porque levan con elas as palabras e os nomes dos arxinas» e «Todo pensamento colle na cabeza dun home».
 - Inventemos a orixe das xidas.
- 6**
- Na obra descríbese a caza da lebre con furón. Busquemos outras artes de caza nas que os cazadores se axuden doutros animais.
 - Imaxinemos que pasará en Abellonenia despois do paso dos tres compañeiros.
 - Varios personaxes parecen cargar con culpas por algo que pertence ao pasado. Revisemos cales son.
 - Outros personaxes son desgraciados a causa de malentendidos. Lembras algún deles?
 - Na obra dise que o voo da aguia é un signo de boa sorte. Pensemos noutros signos de boa e mala sorte.
 - Hai dores que veñen no intre do sono ou da ledicia compartida... e non che deixan ser feliz, dise na novela. Estaríamos de acordo con esta afirmación? Argumentémolo.
 - A tranquilidade dos arxinas depende do Brindo e tamén do Brelo. Expliquemos en que consiste esta dependencia.
 - «Admiro a lealdade no que se di e no que se debe calar», pode ser o principio do texto que imos escribir.

DESPOIS DA LECTURA:

- Esta é unha historia que contén outras historias, coma unha árbore con diferentes pólas. Probemos a ir colocándoas, todas elas, formando parte da principal.

- Cada un de nós elixirá a historia que máis lle gusta, entre as que están contidas na novela, e defenderá esta elección.
- Podemos converter a historia nunha banda deseñada.
- Se esta é a primeira parte de *O Brindo de ouro...* iremos pensando en como continuará e cal será o título desa segunda parte.
- Comentaremos, entre todos e todas, o que nos pareceu a novela. Recolleremos a opinión maioritaria e publicaremos a no taboleiro de anuncios da biblioteca ou na revista do centro.
- Elaboraremos un separador axeitado para este libro.
- Alguén pode realizar un cartel anunciando esta novela. Para isto habería que pensar nun *slogan* que anime a ler o libro.
- Pensemos noutras novelas ou películas de temática épica e fantástica como esta. Falemos delas.
- Imaxinemos como pasar esta novela ao cine. Quen pode representar cada papel? En que lugar a rodariamos? Que escenas representaríamos? En que orde?...
- «Se as lendas teñen algo de certo...» Continuemos.
- Escribamos un manual de instrucións para ler esta novela.
- Busquemos información sobre o libro e o autor na rede. Documentémonos tamén sobre o Premio Merlín, vexamos que outros libros recibiron este premio.

**Pedidos a:**

Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005
Depósito legal: VG. 408-2005